

Dossier de
prensa

longaviaxeacaanoite.wordpress.com | centrodramatico.org | agadic.info

DE Eugene O'Neill

LONGA VIAXE CARA Á NOITE

DIRECCIÓN Manuel Guede Oliva

LUISA MERELAS * ALBERTO ROLÁN * GONZALO URIARTE * MARCOS VIÉITEZ

XUNTA DE GALICIA





DE Eugene O'Neill

LONGA VIAXE CARA Á NOITE


DIRECCIÓN Manuel Guede Oliva

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es
www.centrodramatico.org
longaviaxecaraanoite.wordpress.com

Comunicación. AGADIC
Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel. 881 996 073 / 092
prensa.agadic@xunta.es
www.agadic.info



ÍNDICE

- 
1. Presentación
 2. A produción
 3. Ficha artística
 4. Funcións
 5. A obra
 6. Sinopse
 7. Eugene Gladstone O'Neill, o autor
 8. Manuel Guede Oliva, o director
 9. Elenco
 - 9.1. Luisa Merelas
 - 9.2. Alberto Rolán
 - 9.3. Gonzalo Uriarte
 - 9.4. Marcos Viéitez
 10. Blog
 11. Multimedia



Presentación

... Hai acordo entre os seus críticos en sinalar *Longa viaxe cara á noite* como unha confesión pública de O'Neill na busca de liberación, un intento de redención do seu crónico sentimento de culpa, a terapia que unha mente fatigada requiría para librarse dos seus propios demos interiores. En realidade, o sofá do salón dos Tyrone representaba o seu propio diván de psicanálise. Nel, volverá á época trágica da súa xuventude, a reabrir voluntariamente cicatrices aínda non cicatrizadas, a tradear na súa soidade e nun pasado cruel que xa non poderá redimir. E aínda por riba, a presenza inquietante desa figura materna espectral, a dramática frustración desa relación e o obstinado lamento da falta de raíces: "Nunca tiven fogar ningún, nunca se me deu a oportunidade de botar raíces; crieime de hotel en hotel. A miña nai tampouco tivo nunca casa. A longa viaxe é a súa historia e a miña autobiografía"...

... A dureza da mensaxe, o nervio psicolóxico, a frialdade do documento, a sinceridade brutal e a forza da linguaxe, entre outras cousas, converten esta obra na mellor peza dramática do noso autor e unha das mellores de todo o teatro en lingua inglesa do século XX...

... Utilizando a técnica ibseniana de exposición retrospectiva, o autor evoca un pasado familiar cheo de temores, odios, enfrontamentos, desprezos, acusacións iradas, sentimentos de culpabilidade e de compaixón. Un cadro macabro, cheo de fantasmas e espectros do pasado: o pai, a nai, mesmo o irmán malogrado. O espectador é profundamente consciente da traxedia familiar sen necesidade de presenciar situacións fisicamente violentas. A insinuación, a violencia contida, o recurso á máscara implícita disfrazan o enfrontamento directo e afastan a acción violenta no plano físico pero incrementana no plano psicolóxico...

... Se ben é certo que a maior parte da escenografía trágica americana está inspirada en situacións cortadas do álbum familiar americano, non é menos certo que a mestría de Eugene O'Neill fainas transcender con facilidade ata ligalas a alma universal. A obra de O'Neill representa un excelente documental sobre a sociedade americana de principios de século pero tamén unha reflexión crítica certa sobre o complexo funcionamento do home como ser social e como ente psicolóxico. A semente do demo freudiano estaba xa a xerar monstros na alma colectiva americana. O secreto, o sutil, o brutal e o instintivo ían irromper no escenario ata desembocar na última gran viaxe cara á noite...

Fragmentos extraídos do libro *Textos sobre teatro norteamericano II*, dentro da colección Taller de Estudios Norteamericanos da Universidade de León, con introdución, tradución e notas de Antonio Rodríguez Celada

A photograph of a theater stage. In the foreground, a person in a dark jacket is standing on the left, looking towards the right. In the background, a figure in a white, hooded garment is visible, possibly a performer or a statue. The stage is set with various props and structures, including a large, dark, rectangular object in the center. The lighting is dramatic, with strong highlights and shadows.

A produción

Centro Dramático Galego

Unidade de produción teatral adscrita á Xunta de Galicia, o Centro Dramático Galego (CDG) comezou a súa traxectoria en 1984 co obxectivo de contribuír á normalización e regularización da actividade teatral galega. Desde entón, o CDG vén desenvolvendo un constante traballo de produción e distribución de espectáculos teatrais.

Foi en 1991 cando a compañía pública se presentou diante dos espectadores como centro artístico de produción do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). A súa adscrición a este organismo da Consellería de Cultura facilitou a consolidación do teatro institucional como un proxecto complementario e harmónico respecto do resto da escena galega. Desde xuño de 2008, o CDG forma parte da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), entidade que sucede ao IGAEM asumindo e ampliando as súas competencias.



Nestes 30 anos de historia, as principais liñas de programación do Centro seguiron varias direccións: recuperación dos nosos autores fundamentais, presenza dos dramaturgos galegos contemporáneos, incorporación á escena galega de grandes nomes da literatura dramática universal de todos os tempos, promoción do teatro infantil e proxección exterior do noso teatro, entre outras.

O sistema habitual de funcionamento da compañía é o concurso dun director de escena convidado xunto co elenco interpretativo e o equipo artístico que se contratan segundo as necesidades de cada unha das producións. Nelas tamén se involucra un equipo técnico da Agadic (talleres, son e iluminación, estrutura escénica, tremoias, vestiario etc.).

O CDG encárgase ademais da xestión do Salón Teatro de Santiago, único espazo de exhibición escénica de titularidade exclusiva da Xunta de Galicia. Nel a compañía pública desenvolve desde 1999 un amplo período de representacións con cada un dos seus novos espectáculos.

Ficha artística

Autoría
Dirección
Producción

Eugene O'Neill
Manuel Guede Oliva
Centro Dramático Galego

ELENCO

Luisa Merelas
Alberto Rolán
Gonzalo Uriarte
Marcos Viéitez

Mary
Edmund
James
Jamie



EQUIPO ARTÍSTICO

Escenografía

Iluminación

Espazo sonoro

Vestuario

Producción

Asistente de dirección

Versión galega

Caderno pedagógico

Fotografía

Prensa

Diseño gráfico e comunicación

Rodrigo Roel

Juanjo Amado

Guillermo Vázquez

María Negreira

Francisco Veiga

Imma António Souto

Manuel Guede Oliva

Imma António Souto

Miguel Fernández

Ana Rosales, Ana Miragaya (Comunicación Agadic)

Trisquelia



Funcións



Santiago de Compostela

Marzo / abril

Salón Teatro: do 22 de marzo ao 6 de abril
de 2014

Estrea: sábado 22, ás 20.30 h

Funcións xerais (venres, sábados e domingos)

venres 28 e 4, ás 20.30 h

sábados 29 e 5, ás 20.30 h

domingos 23, 30 e 6, ás 18.00 h

Funcións escolares (mércores e xoves)

mércores 26 e 2, ás 11.00 h

xoves 27 e 3, ás 11.00 h

Venda de entradas

As entradas para asistir ás funcións de Longa viaxe cara á noite no Salón Teatro de Santiago (Rúa Nova, 34) están á venda no despacho de billetes do Teatro Principal (aberto de 18.00 a 21.00 h) e no do Salón Teatro (os días de función, desde dúas horas antes do comezo). Tamén poden adquirirse na billeteira electrónica a través do teléfono 902 43 44 43 ou da web <http://entradas.novagaliciabanco.es>.

O prezo das localidades é de 10 euros (cun desconto do 40% para estudantes, xubilados, usuarios do carné xove e desempregados) e de 5 euros o domingo, día do espectador.

Programación inserida no Bono de Teatro Galego e Portugués, que pode adquirirse nos devanditos despachos de billetes ao prezo de 35 euros para un total de 5 espectáculos.



Xira

Abril

BRAGA

Theatro Circo, xoves 10, ás 21.30 h

PONTEVEDRA

Centro Social Fundación Novacaixagalicia,
sábado 12, ás 20.30 h

BARCELOS

Teatro Gil Vicente, sábado 19, ás 21.30 h

NARÓN

Pazo da Cultura, sábado 26, ás 20.00 h

A ESTRADA

Teatro Principal, mércores 30, ás 11.00 h

Maio

A CORUÑA

Teatro Rosalía Castro, sábado 3, ás 20.30 h

RIANXO

Auditorio Municipal, sábado 10, ás 20.30 h

OURENSE

Teatro Principal, sábado 17, ás 20.30 h;
domingo 18, ás 19.00 h; luns 19,
ás 11.00 h (Función escolar)

VIGO

Centro Cultural Fundación Novacaixagalicia,
xoves 22 e venres 23, ás 20.30 h

TUI

Teatro Municipal, martes 27, ás 11.00 h
(Función escolar)

O BARCO DE VALDEORRAS

Teatro Municipal Lauro Olmo, venres 30

A obra



Eugene O'Neill, gañador de catro Pulitzer e premio Nobel de Literatura en 1936, é o pai fundador do teatro norteamericano moderno e este texto, *Longa viaxe cara á noite*, un dos máis célebres da súa notable produción literaria. Esta é a primeira ocasión, nos trinta anos de idade que cumpre o Centro Dramático Galego (CDG) este ano, en que a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia se achega a unha literatura dramática tan fundamental na historia do teatro moderno como é a norteamericana.

Máis que calquera outro dramaturgo, O'Neill introduciu na escena estadounidense un realismo dramático que xa iniciaran Anton Chéjov, Henrik Ibsen e August Strindberg. Moi influído polo pensamento nietzscheano e a psicanálise de Freud, en xeral, as súas obras contan con personaxes que viven nas marxes da sociedade e que loitan por manter as súas esperanzas e aspiracións, aínda que adoitan rematar desilusionados e caendo no desespero.

Gustáballo explorar nas partes máis sórdidas da condición humana, indagar na soidade do ser humano, reconciliarse coa dor de vivir e encontrar aí un camiño de expiación persoal e de aceptación. Os seus personaxes vense atrapados por un destino común e nas relacións mutuas, sempre conflitivas, achan o sentido da existencia.

Nomes como Tennessee Williams, Arthur Miller, Sam Shepard ou Edward Albee non poderían existir sen o antecedente de O'Neill e sen todos eles a nosa formación sentimental, fundamentada na condición de espectadores cinematográficos, sería dificilmente comprendida.

Aclamada pola crítica e considerada a obra máis completa e cumio de O'Neill, *Longa viaxe cara á noite* foi galardoada co premio Pulitzer póstumo ao ser editada pouco despois da morte do seu autor, a pesar de que as instrucións escritas deste estipulaban que as súas pezas inéditas non debían publicarse ata 25 anos despois da súa morte.

Con elementos da vida do propio O'Neill, este texto narra a crónica dun só día na vida dos Tyrone, unha familia quebrada polas frustracións e os vicios: James, un actor de éxito e fortuna, que pasou a súa vida de escenario en escenario sen poder formar un verdadeiro fogar; Mary, a súa muller, presa dunha adicción imposible de desarraigar; Jamie, o fillo maior e alcohólico; e Edmund, o alter ego de O'Neill, un mozo soñador e romántico, pero enfermo de tuberculose.



Sinopse


No interior da residencia de verán dos Tyrone, un pai, unha nai e os seus dous fillos gozan dunha luminosa mañá de agosto en familia. Pero as risas e os abrazos deseguida deixan paso aos reproches e aos enfados. A familia esconde máis tristuras que alegrías, máis rancor que amor.

O pasado atormenta, o presente derrúbase, e o futuro é imposible. Quérense e ódianse, apóianse e desprézanse, únense e sepáranse. Todos silencian palabras. Todos esconden sentimentos. Todos omiten verdades. Así, mentres James mente a Mary sobre a gravidade da enfermidade de Edmund, Mary ocúltalle a súa recaída na súa adicción á morfina. Ao tem-

po, James, inxenuamente, disimula ante os seus fillos a natureza do mal hábito retomado pola súa esposa. A Edmund inténtaselle minimizar o estado da súa grave enfermidade. Jamie disfrazaba baixo unha capa de cinismo o seu resentimento e os seus ciúmes. Edmund intenta evitar que se saiba o que lle sucede á súa nai...

Segundo transcorre o día, e coa néboa e o son dunha serea de fondo, a familia íspese, descóbrese e esbozallase nun espazo asfixiante. A alegre e brillante luz da mañá dá paso á suave penumbra da tarde e, ao final, a escuridade da noite desenmascara aos personaxes amosando os seus demos e debilidades.





O autor

Eugene O'Neill a mediados dos anos 30 (Yale Collection of American Literature, Beinecke Rare Book and Manuscript Library, Universidade de Yale)

Eugene Gladstone O'NEILL

Eugene Gladstone O'Neill (Nova York, 1888-Boston, 1953), gañador do Premio Nobel de Literatura en 1936, está considerado como o máis importante dramaturgo norteamericano. *Longa viaxe cara á noite* (*Long Day's Journey into Night*), a súa obra mestra editada postumamente en 1956, atópase na cúspide dunha longa listaxe de grandes pezas polas que acadou sona internacional.

O'Neill naceu no seo dunha familia de teatro. O seu pai, James O'Neill, era un afamado actor coñecido polo seu papel de conde de Monte Cristo na adaptación teatral da novela de Alexandre Dumas. A súa nai, Ella, acompañaba o seu marido durante as súas xiras por todo o país, descansando só de xeito momentáneo para o nacemento do seu primeiro fillo, James Jr., e de Eugene. Este último, de feito, veu ao mundo nun hotel de Broadway e pasou os seus primeiros anos de vida entre bambolinas, cuartos de hotel e vagóns de tren.

A pesar de que rematará deplorando a inseguridade desa etapa da súa infancia e culpando o seu pai dunha vida familiar inestable, dura e azarosa —que provocaría a adicción ás drogas da súa nai—, o teatro corría polas súas veas. Ademais, durante eses anos, Eugene medraba entre o catolicismo de raíces campesiñas irlandesas do seu pai e o misticismo da súa nai, dúas influencias a miúdo en conflito, que quedan plasmadas na gran carga dramática das obras de O'Neill.

Tras ser educado en internados, asistiu durante un curso á Universidade de Princeton (1906-07), tras o que abandonou os estudos para comezar o que máis tarde rememoraría como a súa verdadeira educación na “experiencia da vida”. Pero durante os seis anos seguintes estivo moi cerca de acabar coa súa existencia. Embarcouse como mariñeiro, abandonouse á mala vida e ao alcohol nos peiraos de Bos Aires, Liverpool e Nova York, e acabou tentando suicidarse.

Xa recuperado, aos 24 anos traballou durante un breve período como reporteiro e colaborador na columna de poesía do New London Telegraph, labores que tivo que deixar ao enfermarse de tuberculose. O seu confinamento no Gaylord Farms Sanitarium durante seis meses, nos que tivo a oportunidade de se enfrontar a si mesmo desde a sobriedade e o realismo, deu lugar ao que el mesmo definiría como o seu “renacemento”: comezou a escribir obras de teatro.

As súas primeiras pezas eran estraños melodramas protagonizados por prostitutas, delinquentes, mariñeiros solitarios e todo tipo de inxustizas divinas que, se ben eran temáticas habitualmente abordadas pola narrativa considerada seria, non se consideraban apropiadas para a súa representación nos escenarios norteamericanos. Un crítico teatral recoméndalle entón inscribirse en Harvard para asistir ao fa-



moso curso de escritura de George Pierce Baker, circunstancia que lle ofrece a oportunidade de traballar de xeito constante e de se reafirmar no camiño elixido.

A súa primeira estrea como dramaturgo tivo lugar no verán de 1916 en Provincetown, onde un grupo de mozos escritores e pintores se dedicaba ao teatro experimental e produciu a súa peza nun acto *Rumbo ao Leste cara a Cardiff* (*Bound East for Cardiff*). O seu talento era evidente e, tras fundar a compañía Playwrights's Theatre en Greenwich Village, o grupo estrearía en Nova York varios das obras breves asinadas por O'Neill ata 1920. Para cando estreou en Broadway *Máis alá do horizonte* (*Beyond the Horizon*, 1920), O'Neill contaba xa cunha pequena reputación como escritor. O realismo trágico desta obra impresionou aos críticos e supúxolle o primeiro dos seus catro premios Pulitzer: os outros tres recibíunos por *Anna Christie* (1922), *Estraño interludio* (*Strange Interlude*, 1928) e, de xeito póstumo, por *Longa viaxe cara á noite*. Nas dúas décadas seguintes a súa fama medraría progresivamente, tanto entre a crítica como entre o público dentro e fóra dos Estados Unidos. Tras Shakespeare e Shaw, O'Neill converteuse no dramaturgo máis traducido e representado.

A súa capacidade e compromiso co traballo eran asombrosas, de xeito que conta cunha produción moi extensa na que, xunto cos títulos xa mencionados, tamén destacan *O emperador Jones* (*The emperor Jones*, 1920); *O mono peludo* (*The Hairy Ape*, 1922); *Desexo baixo os olmos* (*Desire under the Elms*, 1924); *O gran Deus Brown* (*The Great God Brown*, 1926); *A Electra séntalle ben o loito* (*Mourning Becomes Electra*, 1931); *Terras virxes* (*Ah, Wilderness!*, 1932), a súa única comedia; *Chega o home de xeo* (*The Iceman Cometh*, 1946) ou *Unha lúa para o bastardo* (*A Moon for the Misbegotten*, 1947), un fracaso de público que, porén, a partir de finais dos cincuenta se verá como a súa mellor obra. As súas pezas están escritas desde un intenso e moi persoal punto de vista, que deriva directamente dos efectos das súas trágicas relacións familiares: o amor tormentoso dos seus pais e a negativa influencia do seu irmán maior, que morreu por mor do seu alcoholismo. Mesmo nas súas últimas obras, a xuventude de O'Neill continuaba absorbendo a súa atención. Neste sentido, *Longa viaxe ca-*

ra á noite é unha obra claramente autobiográfica referente a ese período familiar.


A súa trágica visión da vida perpetuouse nas súas relacións coas tres mulleres coas que casou e cos seus tres fillos. O seu fillo máis vello, Eugene O'Neill Jr. (da súa primeira muller, Kathleen Jenkins), foi un especialista en Letras Clásicas pola Universidade de Yale, alcohólico, que se suicidou en 1950 aos 40 anos, mentres que a inestabilidade emocional do seu fillo máis novo, Shane (da súa segunda muller, Agnes Boulton), derivou na súa adición á heroína e no seu posterior suicidio. A súa filla, Oona (tamén de Agnes Boulton), saíu da súa vida en 1943 cando a desherda por casar co cineasta Charles Chaplin. Ela tiña 17 anos e el, 54, como O'Neill.

En 1928 trasládase a Francia coa súa amante e logo terceira esposa, a actriz Carlotta Monterey. Dous anos despois regresan aos Estados Unidos e en 1936 converteuse no primeiro dramaturgo norteamericano ao que se lle concede o Premio Nobel de Literatura.

Tras numerosos problemas de saúde e o seu alcoholismo, O'Neill padeceu nos seus últimos anos grandes tremores nas mans, asociados á enfermidade de Parkinson, que lle impediron escribir. Tratou de ditar, pero resultáballe imposible crear dese xeito. Sen querer ver a ninguén —agás Carlotta e unha enfermeira—, retirouse á suite 401 do hotel Sheraton de Boston, da que non volveu saír. El aludiu ao feito de que empezou nun cuarto de hotel ao nacer e rematou do mesmo modo. Morreu o 27 de novembro de 1953, aos 65 anos.

A pesar de que as súas instrucións escritas estipulaban que as súas obras non debían publicarse ata 25 anos despois da súa morte, en 1956 Carlotta ordenou *Longa viaxe cara á noite* para a súa publicación.

Outras obras editadas postumamente foron *Un toque de poeta* (*A Touch of the Poet*, 1958) e *Máis mansións maxestosas* (*More Stately Mansions*, 1967). Con parte dos cartos xerados por estes textos e seguindo disposicións testamentarias do propio O'Neill, quen desexaba mostrar o seu agradecemento ao país que lle concedera o Nobel, instituíuse o Premio O'Neill, que é outorgado cada ano polo Dramaten de Suecia.



A black and white portrait of a middle-aged man with short, dark hair, looking directly at the camera with a serious expression. He is wearing a dark, horizontally striped V-neck cardigan over a dark collared shirt. His hands are in his pockets. The background is dark and out of focus, showing vertical lines that could be part of a bookshelf or a window frame.

O director

Manuel Guede Oliva

Manuel Guede Oliva estivo estritamente vinculado á escena galega durante toda a súa vida. Foi director do Centro Dramático Galego desde 1991 a 2005. Autor, tradutor e director de producións de gran calidade e de moito éxito dentro e fóra do noso país.

Comezou a dar os seus primeiros pasos como dramaturgo na temporada 1973-1974, cando co texto *O Cume* foi finalista do concurso de obras teatrais Abrente de Ribadavia. Nestas datas tamén colaborou co colectivo Histrión-70. En 1982, na cidade de Ourense, foi o fundador da Sala Caritel e da compañía de teatro do mesmo nome.

Con Eduardo Alonso versionou varias obras como *O enfermo imaxinario* de Molière, *Medea* de Eurípides, e *As alegres casadas* de William Shakespeare. En 1998 participou no espectáculo *Valle-Inclán 98*, en coprodución co Centro Dramático Nacional (CDN), o Centro Dramático Galego (CDG) e o Centro Dramático de Viana do Castelo (Portugal), coa dirección da peza *Ligazón*. Catro anos máis tarde, dirixiu a obra de Castelao *Los viejos no deben enamorarse*, unha coprodución do CDN, o CDG e o Centro Cultural de la Villa de Madrid.

Guede Oliva foi membro do Consello Nacional de Teatro do Ministerio de Cultura entre os anos 2001 a 2004. En Portugal tamén desenvolveu unha exitosa traxectoria profesional, en concreto, coa Compañía de Teatro de Braga dirixiu en 2007 o texto do autor serbio Dusan Kovacevic, *O profesional*, e en 2010 o texto de Ramón María del Valle-Inclán, *A cabeza do Baptista*.

En 2012, de novo á fronte do Centro Dramático Galego, dirixiu a versión galega de *O profesional*, coa Compañía de Teatro de Braga como entidade coprodutora. Entre outros moitos recoñecementos, Manuel Guede gañou en 2006 o Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais convocado pola Xunta de Galicia pola súa obra *Ocaso Otero*. Asemade, en 2011 recibiu o Premio Rafael Dieste da Deputación da Coruña co texto *A función do tequila*.



Mary

Luisa

Merelas

Actriz de teatro, cine e televisión, Luisa Merelas posúe unha recoñecida traxectoria profesional que principiou en 1970 co espectáculo *A pobriña que está xorda* de Teatro Circo, grupo co que tamén actuaría en *Entremés famoso sobre a pesca no río Miño* (1973), *Zardigot* (1974), *Macbeth* (1975), *Romance* (1975), *Montaxe Teatro Circo* (1977) e *Os vellos non deben de namorarse* (1977).

Entre os seus numerosos papeis escénicos, destacan igualmente os desenvolvidos para a Escola Dramática Galega en *A benfadada historia do coitado Bam-boliñas* (1978), *Muller de mulleres* (1978) e *A noite vai coma un río* (1979), así como para a Compañía Luís Seoane en *As criadas* (1980), *A casa das tres lúas* (1981), *A esperar por Godot* (1982), *Edipo Rei* (1983), *Fausto* (1984) e *O rei aborrecido* (1985).

Ten traballado noutras oito producións do CDG —*Caderno de Bitácora* (1985), *As tres irmás* (1987), *A casa dos afogados* (1989), *Valle-Inclán 98* (1998), *Os vellos no deben de namorarse* (1999), *Espectros* (2002), *Ricardo III* (2005) e *O regreso ao deserto* (2006)— e en diferentes espectáculos de Teatro do Atlántico (*Xoana*, 1985 e *E.R. (Algún día traballaremos xuntas)*, 2011), Teatro da Salamántiga (*Era unha vez*, 1988; e, como axudante de dirección de Manuel Areoso, en *Hai que desface-la casa*, 1997), EDG-Uvegá (*Electra*, 1994), Librescena (*Mourenza*, 1996), Espello Cóncavo (*As troianas*, 1998), Ancora

Produccións (*Paso de cebra*, 2004) e a Companhia de Teatro de Braga (*O amor assassinado*, 2002). Nos últimos anos interpretou para a compañía Teatro do Morcego as montaxes *O burgués fidalgo* (2006), *O club da calceta* (2007) e *A función do tequila* (2012), así como *Ocaso Otero* (2007) para Teatro Manivela e *Na meta* (2009) para Ónfalo Teatro.

Canto ao audiovisual, participou, entre outros, nos filmes *O baile das ánimas* (1993) de Pedro Carvajal; *Entre bateas* (2001) de Jorge Coira; *Los lunes al sol* (2001) de Fernando León; *La promesa* (2002) de Héctor Carré; *El año de la garrapata* (2004) de Jorge Coira; *Siete mesas de billar francés* (2007) de Gracia Querejeta; *Abrígate* (2007) de Ramón Costafreda; *Vacas, porcos e zapatos de tacón* (2009) de Manuel Espiñeira; *Concepción Arenal, la visitadora de cárceles* (2012) de Laura Mañá; ou *Somos gente honrada* (2012) de Alejandro Marzoa. Tamén foi parte do elenco de *Terras de Miranda* ou *Matalobos* e colaborou noutros espazos da Televisión de Galicia, como *A familia Pita*, *Pratos combinados*, *Mareas vivas*, *Pequeno hotel*, *A vida por diante* e *O faro*, ademais de *Piratas* de Telecinco.

Recibiu dous premios María Casares por *A función do tequila* (mellor actriz secundaria 2013) e por *O regreso ao deserto* (mellor actriz protagonista 2007), amais do premio de interpretación teatral Maruxa Villanueva en 2007.

Eu era entón moi fermosa... Foi todo coma se acontecesse nun soño, como se non pertencese a este mundo... Namorei del naquel momento. El díxome que tamén namorara de min naquel momento... E desde ese momento esquecinme de querer ser monxa e concertista de piano. Só quería converterme na súa muller. Disto van xa trinta e sei anos, pero aínda podo velo como se fose agora mesmo. Desde entón non deixamos de querernos...

Edmund

Alberto Rolán


A súa traxectoria interpretativa comezou no sector audiovisual como actor nas curtametraxes *Quadlibetos*, dirixida por Alberto Espada en 2000, e *A ruta do carbón*, de Xosé Lois Santiago, en 2001. Ese mesmo ano participou en *Entre bateas*, película para televisión dirixida por Jorge Coira.

En 2002 codirixiu con Alberto Espada a curtametraxe *O paseo*, na que tamén interveu como actor. Actuou, ademais, nas curtas *Septiembre* de José Freixal (2003), *Stop* de Fernando Ferrer (2003), *Soberbia* de Jairo Iglesias (2007), *Quéreme a min* de Rodrigo Lamas (2007), *Cores* de Jairo Iglesias (2008), *QSDC* de Alberto Senín (2009), *Leroy Díaz es un cretino* de Jesús Marzo (2009), *Leo y Mario* de Sonia Méndez (2010), *As damas negras* de Sonia Méndez (2011), *A twirling day* de Jon Uriarte (2013), e *O jazz dos proscritos* de Manuel Gil Castro (2014), así como nas series *As leis de Celavella*, *Rías Baixas*, *Terras de Miranda*, *Valderrei*, *O Nordés*, *Matalobos*, *Escoba* e *O faro*, emitidas pola Televisión de Galicia. Participou tamén na serie de Telecinco *Piratas*, na webserie *Angélica y Roberta*, así como nas tv movies *O bonito crime do carabineiro* (2009, dirixida por Miguel Conde) e *Vacas, porcos e zapatos de tacón* (2010, dir. Manuel Espiñeira).

No ámbito escénico e durante a súa etapa como alumno da Escola Espacio Aberto (1999-2003) e do Curso de Posgrao en Arte Dramática Teoría e Práctica da Interpretación da Universidade de Santiago (2004-2005), traballou en diferentes proxectos. Así, en 2002 formou parte dos elencos do cabaré *Caviar*, dirixido por Ángel Burgos e Luis Llamas, e da montaxe *Sur*, con Sandra Lesta na dirección. Ao ano seguinte, figurou no espectáculo *I love you*, dirixido por Marta Pazos, e en 2005, interpretou o monólogo *La noche justo antes de los bosques*, de Koltès, da man de Carlos Neira. En 2006 dirixiu a montaxe *O menino da raia* e participou nas producións do CDG *O regreso ao deserto* (2006) de B. M. Koltès con dirección de Cristina Domínguez, e *A boa persoa de Sezuán* (2008) de Bertolt Brecht baixo as ordes de Nuno Cardoso. Colaborou coa compañía Malasombra Producións nas súas montaxes *O Día do Pai* (2009), *Go on* (2011) e *Smoke City* (2012), as tres con dirección de Marcos Orsi, e para Lagarta Lagarta puxo en escena *Cásting (a comedia)* de Roger Justefré e dirección de Rosa Álvarez. Recentemente vén de protagonizar a ópera infantil *Bababum*, coa dirección escénica de Sandra Lesta.



Ao carallo o xuízo! Se nesta casa estamos todos tolos... Para que nos cômpre o xuízo? Do que se trata é de non suspender a función. Ben sabemos o que queremos esquecer. Pois esquecemos. Bebamos para esquecer. Teríamos que estar sempre borrachos. Nada máis importa. Velaí a única cuestión. "Para que non sintas o fondo terrible do tempo sobre os teus ombros, esmagándote contra a terra, nunca deixes de estar bébedo. Emborráchate sen tregua. Pero con que? Con viño, con poesía, con virtude... Pero emborráchate segundo o consideres". Á túa saúde, Baudelaire!



Pero despois de tantos anos sen molestarme en subir a un escenario perdín o talento doutro, cando era considerado como unha das grandes promesas do teatro. Ah, naquela altura estaba cheo de ambición artística... Esforzábame coma un animal. Lía a Shakespeare coma se fose a Biblia, apuntábame a todos os cursos de formación de actores que se convocaban... Creo que non o facía mal. Estaba inspirado. Tiña vinte e sete anos...

James Gonzalo Uriarte

Actor de teatro con case catro décadas de experiencia, ten actuado sen interrupción nos escenarios con diversas compañías. Foi membro cofundador da compañía Troula nos comezos do teatro profesional en Galicia coa que puxo en escena os espectáculos *O velorio* (1978), *Anastas ou a orixe da Constitución* (1979) e *Pedro Madruga, conde de Caminha* (1980).

Formou parte do elenco da primeira produción do CDG *Woyzeck* (1984), con dirección de Xúlio Lago, trala que seguirían *Caderno de bitácora* (1985, dir. Antonio Simón), *O enfermo imaxinario* (1986, dir. Eduardo Alonso), *As tres irmás* (1987, dir. Xosé Manuel Rabón), *Un refaixo para Celestina* (1993, dir. Antonio Simón), *Lugar* (1999, dir. Antonio Simón); *Xelmírez ou a gloria de Compostela* (1999, dir. Roberto Vidal Bolaño), *A burla do galo* (2000, dir. Xan Cejudo), *Calígula* (2000, dir. Manuel Guede Oliva) e *O velorio* como parte de *Daquel abrente*, espectáculo conmemorativo do 25 aniversario do teatro profesional galego (2003, dir. Antonio Simón).

Con Teatro do Atlántico, baixo a dirección escénica de Xúlio Lago, tamén actuou en numerosas ocasións: *Libertade bremana* (1988), *Historia de Neera* (1990), *Non se chora* (1993), *Tolos de amor* (1995), *Casa de bonecas* (1995), *A noite das tribades* (1996), *Amor de don Perlimplín con Belisa no xardín* (1998), *Vellos tempos* (1998), *Vanzetti* (2002), *O encoro* (2004), *A bombilla máxica* (2007), *Afterplay* (2009) e, actualmente sobre os escenarios, *A charca inútil* (2013).

Sobre as táboas tamén puidemos velo nas montaxes *Medea* (para a compañía Producións do Noroeste en 1987), *Saxo tenor* (Teatro do Aquí, 1992), *Os vellos non deben de namorarse* (Teatro do Morcego, 2004), *Molière final* (Talía Teatro, 2004) e *Hamlet* (R.T.A., 2006).

Canto ao audiovisual, posúe unha extensa filmografía, entre as que destacan as longametraxes *Continental* (1898) de Xavier Villaverde, *La lengua de las mariposas* (1998) de José Luis Cuerda, *Sé quién eres* (1999) de Patricia Ferreira, *El lápiz del carpintero* (2001) de Antón Reixa, *Trece campanadas* (2002) de Xavier Villaverde, *El laberinto del fauno* (2006) de Guillermo del Toro, *23-F* (2011) de Chema de la Peña, *Doentes* (2011) de Gustavo Balza, e *Los fenómenos* (2012) de Alfonso Zarauza.

Compaxinou toda esta actividade coa interpretación nas series televisivas *Libro de familia*, *As leis de Celavella*, *Avenida de América*, *Galicia Exprés*; e como actor convidado, en *Patros combinados*, *A familia Pita*, *Mareas vivas*, *Rías Baixas*, *Pequeno hotel*, *Hospital Central*, *El Comisario*...

Recibiu o Premio María Casares ao mellor actor protagonista por *A noite das tribades*, así como ao mellor actor secundario por *Hamlet* en 1997 e 2007 respectivamente, e tamén o Premio Agapi 2000 á mellor interpretación masculina polo filme *La lengua de las mariposas*. Ademais, foi galardoado co Premio Maruxa Villanueva en 2009 e o Premio de Honra Marisa Soto en 2010.



Quero avisarte, quero advertirte contra min. Nunca quixen que as cousas che fosen ben e que me fixeses, por comparación, parecer aínda peor do que son. Quixen que fallases. Sempre tiveren ciúmes de ti. Sei que diso ti non tes culpa ningunha, pero tanto me ten... Mal raio te fenda...! Vai tomar polo cu, cabrón! Se queres que cho diga, ata me alegra que mamá volvese a recaer e que ti non cures nunca... Necesito compañía no velorio, non me agrada ser o único cadáver nesta casa.



Jamie Marcos Viéitez

Marcos Viéitez inicia a súa traxectoria como actor con Teatro de Ningures nas montaxes *María Soliña* (1989), escrita e dirixida por Etelvino Vázquez en coautoría con Xosé M. Pazos, e *Elektra* (1991), de Hugo von Hofmannsthal con dirección de Alberto Bokos.

Traballou nunha quincena de espectáculos producidos polo Centro Dramático Galego: *As actas escuras*, de Roberto Vidal Bolaño (2010); *Seis personaxes na procura de autor*, de Luigi Pirandello (2005); *Ricardo III*, de William Shakespeare (2005); *O ano do cometa*, de Álvaro Cunqueiro (2004); *O colaborador*, de F. Durrenmatt (2002); *Lugar*, de Raúl Dans (1999); *Memoria de Antígona*, de Quico Cadaval e Xavier Lama (1998); *O peregrino errante que cansou ao de-mo*, de Xavier Lama (1997); *O bufón de El Rei*, de Vicente Risco (1997); *Lisístrata ou de cando as mulleres reviraron*, de Aristófanes (1997); *Como en Irlanda*, textos de Villar Ponte e Synge (1996); *A festa valdeira*, de Rafael Dieste (1994); *Leoncio e Helena*, de George Büchner (1993); *A Lagarada*, de

Otero Pedrayo (1992); e *O incerto señor don Hamlet*, de Álvaro Cunqueiro (1991).

Para Teatro do Atlántico destaca a súa interpretación nas montaxes *Tolos de amor*, de Sam Shepard; *Casa de bonecas*, de Henrik Ibsen; *A raíña da beleza de Leenane*, de Martin McDonagh; e, actualmente, *A charca inútil*, de David Desola, todas elas baixo a dirección escénica de Xúlio Lago.

Participou tamén en producións de Tanxarina Títeres (*Coca, a volta da besta*, 1989), Teatro do Malbarate (*Xogos á hora da sesta*, de Roma Mathieu, dir. Cándido Pazó, 1991) e Teatro do Morcego (*American Café*, de Mohamed Rouabhi, dir. Celso Parada, 2011).


No sector audiovisual, figurou nas longametraxes *Huídos* (1992), de Sancho Gracia; *Ilegal* (2003), de Ignacio Vilar; e *Heroína* (2005), de Gerardo Herrero; e nas series da Televisión de Galicia *As leis de Celavella*, *Pradolongo*, *Matalobos*, *Libro de familia*, *Mareas vivas*...

Blog

Co obxectivo de compartir co público o desenvolvemento do proceso artístico e técnico de *Longa viaxe cara á noite*, o CDG puxo en marcha un blog no enderezo longaviaxecaraanoite.wordpress.com, no que se detallan as principais novidades e curiosidades arredor da creación, estrea e xira do espectáculo.

Esta é a primeira vez que a compañía pública de teatro desenvolve este recurso *online* ideado como unha especie de caderno de bitácora no que compartir experiencias e información.

Nesta canle fundamental para a comunicación directa está dispoñible toda a información relativa a esta primeira produción de 2014, así como os diferentes materiais promocionais e de apoio á súa exhibición tales como o cartel, o caderno pedagóxico etc. Tamén desde aquí se pode acceder á venda electrónica de entradas e a outros recursos dixitais relacionados coa figura de Eugene O'Neill.



Estudio de Eugene O'Neill na Tao House
FOTO: Jerrye & Roy Klotz MD

Multimedia

Dossier electrónico

http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/longaviaxecaraanoite/dossier_prensa.pdf

Fotografías

© Miguel Fernández

http://www.centrodramatico.org/cdg/novas/prensa/galeria.php?id=obra72_longaviaxecaraanoite

Caderno pedagógico

Autora: Imma Antón Souto

http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/longaviaxecaraanoite/caderno_pedagogico.pdf

Cortes de son

http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/longaviaxecaraanoite/corte_son_o1.zip

http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/longaviaxecaraanoite/corte_son_o2.zip

Vídeos

<http://www.youtube.com/user/centrodramatico>

<http://www.youtube.com/watch?v=usd1bQRErU>

<http://www.youtube.com/watch?v=vtKgzmgtlPI>

<http://www.youtube.com/watch?v=2OfcGNFBxos>

<http://www.youtube.com/watch?v=Al8HXvIs-pY>

Blog

<http://longaviaxecaraanoite.wordpress.com>

Máis información

<http://www.centrodramatico.org>



30 anos

www.centrodramatico.org

E tamén na páxina de Facebook:
<http://www.facebook.com/cdg.salon-teatro>



centro
dramático
galego

SALONTEATRO

galicia



trisqueña

TYRONE.- Polo que máis queiras, Mary. Esquece o pasado.

MARY.- ¿Por que? ¿Como? O pasado é o presente, ¿non é? E tamén o futuro.
Todos intentamos ignorar isto, pero a vida non o tolera...

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA